IDEAS
PARA UNHA posible HOMILÍA CON NENOS
6 ABRIL 2025

Repara as picadas da infidelidade dando oportunidades e sen condenar

1. VER: Un pinchazo...

- Nesta coresma, seguindo ao debuxante Fano, entregámoslle a Xesús, o bo Mecánico, as chaves da nosa vida para que revise o coche da nosa vida, para que poidamos saír ao camiño da vida para atoparnos cos demais e con Deus. Revisamos o volante da Palabra, os faros da fe, a conversión das aboladuras e o motor do corazón. Ás veces pásanos no coche que temos unha picada, hai que poñerlle un parche ou cambiar a roda se xa non caben máis parches.

Que pasa se pinchamos?
Que podemos facer?

2. XULGAR: Repara as picadas da infidelidade

- No 5º domingo de coresma, cóntasenos que uns homes levan a Xesús unha muller adúltera, é dicir casada que foi infiel. E, con mirada vingativa, preguntan a Xesús que lle parece aplicarlle a lei xudía de apedrar a esta clase de pecadores. El contéstalles que ***"o que estea sen pecado que tire a primeira pedra"***. Ponse a facer garabatos escribindo no chan, eles vanse escapulindo e Xesús dille ***"Muller, tampouco eu te condeno. Anda e en adiante non peques máis".***

QUE NOS QUERE DICIR XESÚS?

- Estamos no **Obradoiro "A Coresma",** co **Bo Mecánico,** Xesús, para que nos **PARE e REPARE.** Se temos unha picada a roda desínchase, hai que parcheala ou cambiala.

- O evanxeo fálanos da adúltera, poderiamos dicir que tivo unha "picada" á confianza do marido, o amor se desincha e non pode seguir adiante. Ademais os que a pillaron queren refugala totalmente: "a lei mándanos apedrar as adúlteras".

- **Cantas "picadas"** temos tamén nós en calquera dos nosos compromisos familiares, de estudos, de traballo… e "picamos" a confianza de Deus ou dos demais. Pero o Deus das Oportunidades nunca tira a ninguén, non nos condena por moitos que sexan as "picadas" (uns públicos e outros segredos), sempre nos perdoa, ponnos parches e dinos **"anda e non peques máis",** coa condición de que nós tampouco condenemos a ninguén e deamos oportunidades orando por eles para que Xesús os parchee.

Acodes a Xesús cando fallaches ao seu amor?
Condenas a alguén?

3. ACTUAR: Dá oportunidades e non condenes a ninguén

- Esta semana repasa a túa vida, as túas infidelidades aos teus deberes, aos demais, a ti mesmo e a Deus, e acode ao Deus das Oportunidades, na Festa do Perdón, a reconciliarche. Será unha gran ocasión para que o "aire" do Espírito repare as túas "fugas". Perdoa a alguén que che fixo dano, dálle outra oportunidade, non o condenes.

Que vas facer?
Que vas cambiar?

LECTURAS

- **ISAÍAS 43, 16-21:** *Mirade que realizo algo novo; darei de beber ao meu pobo.*

Isto di o Señor, que abriu camiño no mar e unha senda nas augas impetuosas; que sacou á batalla carros e cabalos, a tropa e os heroes: caían para non levantarse, apagáronse como mecha que se extingue.

«Non lembredes o de outrora, non pensedes no antigo; mirade que realizo algo novo; xa está a brotar, non o notades? Abrirei un camiño no deserto, correntes no ermo.

Glorificaranme as bestas salvaxes, chacais e avestruces, porque poñerei auga no deserto, correntes na estepa, para dar de beber ao meu pobo elixido, a este pobo que me formei para que proclame a miña loanza».

Palabra do Señor.

SALMO 125: O Señor estivo grande connosco, e estamos alegres.

- **1 FILIPENSES 3, 8-14:** *Por Cristo perdino todo, morrendo a súa mesma morte.*

- **XOÁN 8,1-11:** *O que estea sen pecado, que lle tire a primeira pedra.*

Narrador: Naquel tempo, Xesús retirouse ao monte das Oliveiras. Ao amencer presentouse de novo no templo, e todo o pobo acudía a el, e, sentando, ensinábaos. Os escribas e os fariseos tráenlle unha muller sorprendida en adulterio, e, colocándoa no medio, dixéronlle:

Fariseos: *-«Mestre, esta muller foi sorprendida en flagrante adulterio. A lei de Moisés mándanos apedrar as adúlteras; ti, que dis?».*

Narrador: Preguntábanlle isto para comprometelo e poder acusalo. Pero Xesús, inclinándose, escribía co dedo no chan. Como insistían en preguntarlle, incorporouse e díxolles:

Xesús: *-«O que estea sen pecado, que lle tire a primeira pedra».*

Narrador: E inclinándose outra vez, seguiu escribindo. Eles, ao oílo, fóronse escapulindo un a un, empezando polos máis vellos, E quedou só Xesús, coa muller no medio, que seguía alí diante. Xesús incorporouse e preguntoulle:

Xesús: *-«Muller, onde están os teus acusadores?; ningún condenouche?».*

Ela contestou:

Muller: *-«Ningún, Señor».*

Xesús díxolle:

Xesús: -«Tampouco eu te condeno. Anda, e en diante non peques máis».

Palabra do Señor.

(Narrador-Xesús-Fariseos- Muller).